

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE ENVASADO DE AUGA MINERAL NATURAL (AGAMIN) PARA A DIFUSIÓN DE INFORMACIÓN E O FOMENTO DA DOAZÓN DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) formalizou o día 07.04.2026 coa Asociación Galega de Empresas de Envasado de Auga Mineral Natural (AGAMIN) o instrumento convencional arriba referido, o cal permanecerá vixente ata o 07.04.2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para a difusión de información e o fomento da doazón de sangue, órganos e tecidos entre a poboación de Galicia, co fin de contribuír a garantir a cobertura das necesidades hemoterápicas aos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia e a doazón de órganos e tecidos.

AGAMIN pon a disposición da ADOS a posibilidade de difundir a través dos seus asociados e das canles de comunicación de que dispón a información sobre as actividades da ADOS relacionadas co obxecto deste convenio. Asemade, entregará a ADOS folletos explicativos dos beneficios da hidratación con auga mineral para que estean a disposición dos/das doadores, e porá á súa disposición para as campañas de doazón de sangue 60.000 botellas de 500 ml de auga mineral obtida de mananciais galegos para repartilas entre as persoas doadoras que o desexen cando participen nas respectivas campañas de doazón.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

ADOS é unha axencia pública autonómica que ten como fin actuar como un instrumento de xestión eficiente para asegurar a doazón voluntaria de sangue, o procesamento, fraccionamento, almacenamento e o abastecemento de compoñentes



sanguíneos e hemoderivados, a coordinación de transplantes de órganos e a obtención, procesamento, almacenaxe, distribución e implante de células e tecidos, aplicando os criterios de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación, e de seguridade marcados tanto pola lexislación vixente como polas guías científicas, asegurando que se cumpren todos os aspectos éticos inherentes á doazón e ao uso de substancias de orixe humana procedentes dela. Entre as súas competencias figuran as de conseguir doazóns voluntarias e altruístas de sangue, medula ósea e sangue de cordón umbilical para cubrir as necesidades do sistema sanitario de Galicia, así como promover a participación activa, no marco da responsabilidade social corporativa, de institucións, organismos e empresas de Galicia, nas políticas de promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos.

AGAMIN, pola súa banda, é unha asociación que ten como fins, segundo o recollido nos seus estatutos, colaborar coa Administración en cantos asuntos sexan de interese para a Asociación e os seus membros e promover accións de fomento da responsabilidade social, entre outras. Prevese de xeito expreso neles a posibilidade de que a asociación poida cooperar coa Administración, para o cal se poderán subscribir acordos ou convenios no marco da normativa vixente.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes (en tanto que as accións previstas constitúen unha vía para a consecución dos fins que teñen atribuídos), exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

